



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZ DE SETEMBRO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día dez de setembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e un de agosto do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.-Instancia núm. 201300000000908 de AGUEDA TORRE VILARIÑO

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Pousada de Abaixo, 3 - VEDRA (SANTA BAIA), solicita licenza para rehabilitación de cuberta de vivenda situada no lugar de Pousada de Abaixo nun solo cualificado polo vixente PXOM como Solo de Núcleo Rural de Finca Singular (N-3), segundo a memoria valorada que se xunta, asinada por Antonio Sabucedo Costa en calidade de arquitecto e cun orzamento que ascende á cantidade de 17.100,00 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

- 1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.
 - 2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente.
- Deberase manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do



coordinador de seguridade e saúde. Dáse conta tamén da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural para as obras solicitadas.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS (#342,00#).

2.2-Instancia núm. 201300000001135 de ADOLFO GALVEZ PAZOS

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en PONTE ULLA, solicita licenza para reconstrución de dous muros de sostén de socalcos.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de (#86,88#)

2.3.- Instancia núm. 201300000001159 de ROSARIO ALBOR CALVIÑO

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en SALES (SAN FINS) - VEDRA, solicita licenza para rehabilitación de alpendre de 30 m² substituíndo a uralita existente por uralita e tella, no lugar de Cornado (San Fins de Sales) en Solo de Núcleo Rural (N-1) e cumprindo o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente no Concello de Vedra.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente.

Deberase manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así coma as pendentes dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de CINCUENTA EUROS (#50,00#)

2.4.- Instancia núm. 201300000001101 de ELADIO GAGO RODRIGUEZ, expediente número 2013/U007/000008.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio para os efectos de notificacións en Torre de Abaixo, 17 – Santa Cruz de Ribadulla (Vedra), expón que con data do 11/08/2009 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para reconstrución de vivenda unifamiliar en TORRE DE ABAIXO, 17 (SANTA CRUZ DE RIBADULLA), (licenza número 80/2009), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de NOVENTA EUROS (#90#) euros, xa ingresada nas arcas municipais. Se ben deberá instalarse o extintor e o alumeado de emerxencia no garaxe da vivenda, comunicándollo a este concello para constancia no expediente.

3º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Núm. Factura	Provedor/Acredor	Importe	Descrición
28-H381-703536	Telefónica Mviles España, S.A.	672,83 €	Fra. de agosto polos servizos telefonía móbil
308/5	Alquimao S.L.	205,70 €	Aluguer vallas obra entorno piscina municipal
TA4D30014790	Telefónica de España, SAU-Movistar	736,33 €	13 fras. de agosto por telefonía fixa mes xullo
CIO666717105	Vodafone España, S.A.U.	1.214,53 €	Servizo telefonía fixa e móbil do 15-07 ao 14-08
3328224/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscrición a El Correo Gallego mes agosto
33 6309	Ulla-Oil S. L.	1.437,66 €	Gasóleo B subministrado en nave Trobe en agosto
FE13321126390957	Gas Natural Servicios SDG S.A.	520,14 €	Subministro campo fútbol San Mamede en maio-xuño
FE13321126615862	Gas Natural Servicios SDG S.A.	422,94 €	Subministro piscina municipal meses maio-xuño
07/2013	Gas Natural Servicios SDG S.A.	1.003,74 €	3 fras. subministro bombeos Paradela e Sol maio-xuño
07/2013	Gas Natural Servicios SDG S.A.	780,05 €	2 fras. xullo subministro casa consistorial maio-xuño
07/2013	Gas Natural Servicios SDG S.A.	399,18 €	2 fras. xullo subministro a guardería en maio-xuño
07/2013	Gas Natural Servicios SDG S.A.	2.158,48 €	2 fras. xullo subministro CPI Vedra meses maio-xuño
FE13321126615867	Gas Natural Servicios SDG S.A.	559,52 €	Subministro CEIP Santa Cruz meses maio-xuño
07/2013	Gas Natural Servicios	2.158,86 €	2 fras. xullo subministro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	SDG S.A.		depuradora Calzande maio-xuño
07/2013	Gas Natural Servizos SDG S.A.	2.247,83 €	2 fras. xullo subministro 5 iluminación. pública maio-xuño
07/2013	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	90,11 €	Subministro a 3 iluminación público (A Igrexa, Vilar, Trobe) en maio-xuño
492	Viaxes Peillet S.L.	330,00 €	Servizo autobús para viaxe Coruña ludoteca verán
493	Viaxes Peillet S.L.	632,50 €	Servizo 2 autocares para viaxe 3ª Idade a Malpica con achega dos participante
1.300.106	Murat Construcción e Mantemento, S.L.	9.132,48 €	Traballos en fincas Rede Natura 2000 (Ulla-Deza)
201.307.757	Drogueria-Ferreteria El Sol, S.L.	7,95 €	Materiais para campamentos de verán 2013
703	Acredores diversos	12,00 €	Ticket por chalecos para campamentos verán 2013
504.853.577	Mapfre Vida, S.A.	350,00 €	Recibo seguro accidentes para Escola de Verán 2013
308/7	Alquimao S.L.	653,40 €	Servizo sanitario, vallas e outros
44	Grupo Acofide, S.C.	909,98 €	Equipamento área deportiva San Mamede
45	Grupo Acofide, S.C.	1.216,05 €	Colocación céspede artificial en piscina (1ª fase)
P303.868	Editorial Compostela, SA	383,74 €	Concerto de publicidade ano 2013 mes xuño
519	Lumigal, S.L.	1.191,85 €	Paneis informativos do Concello
38232091-Z	Seguros Catalana de Occidente, SA	90,01 €	Recibo seguro anual tractor J. Deere E-7264-BFN
01K13000107	Acredores diversos	35,00 €	Fra. de Moviestrada, S.L. por tóner para impresora
13/023	Agroser Ulla, S.L.	3.859,90 €	Traballos limpeza beirarrúas núcleo urbano de Vedra
47	Grupo Acofide, S.C.	3.193,19 €	Xestión da piscina municipal mes agosto
46	Grupo Acofide, S.C.	5.974,38 €	Xestión do polideportivo municipal mes agosto
P13/8062	La Voz de Galicia, S.A.	217,80 €	Publicación anuncio plan especial Fonte de Meire
VD 08/2013	Ana Naya García. S.L.	6.172,30 €	Servizo gardería na escola infantil mes agosto
13/8	Freiría Suárez, José María	3.905,19 €	Servizos de limpeza mes agosto
13/9	Freiría Suárez, José María	705,01 €	Servizos de limpeza verán 2013 (15/07 a 14/08)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



280	Segade Martínez, José Manuel	221,43 €	Traballos realizados en ventás cociña CPI Vedra
P304.876	Editorial Compostela, SA	383,74 €	Concerto de publicidade ano 2013 mes agosto
8	Suárez Barreiro, Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento do albergue mes agosto
27-13	Bojuma Carpinteiros, S.L.	242,00 €	Traballos realizados para Feiravedra 2013
24.568	Muebles Ulla S.L.	242,00 €	Traballos realizados para Feiravedra 2013
209.242	Papeleria Ledoira, S.L.	47,55 €	Material para encadernar subministrado en xullo
24/2013	Fermín González Blanco, S.L.	2.539,60 €	Asistencia técnica Parque Empresarial mes agosto
3	Neiro Tejedor, Bruno	1.352,78 €	Traballos limpeza cunetas vías públicas en agosto
50.283.774	Ricoh España, SLU	353,81 €	Fotocopias máquinas oficinas xerais mes agosto
819/13	Gráfica de Asturias S.L.	176,21 €	Material de oficina subministrado en agosto
201.300.114	Ferretería Botana - Botana Granja, Manuel	19,25 €	Pulverizador para servizo recollida lixos
13-1062	Puente Ulla S.L.	461,23 €	Gasóleo A camión recollida lixo 4663CSP mes agosto
13-1063	Puente Ulla S.L.	1.336,37 €	Gasóleo A camión recollida lixo 9047HPG mes agosto
13-1064	Puente Ulla S.L.	68,82 €	Gasolina para brigada verde mes agosto
13-1065	Puente Ulla S.L.	17,50 €	Gasolina para Protección Civil servido en agosto
013/43	Amextreme Kaeak-Fernandez Vazquez Jose Luis	1.424,99 €	Descenso en kaiak (baixada en piragua polo Ulla) con achegas dos participantes
0439/E13	Talleres San Fins S.L.	424,33 €	Reparación e ITV vehículo brigada verde en agosto
0438/E13	Talleres San Fins S.L.	108,90 €	Reparación retroexcavadora E6073BBD en agosto
0437/E13	Talleres San Fins S.L.	101,28 €	Reparación tractor Lamborghini E9224BBB en agosto
0436/E13	Talleres San Fins S.L.	2.793,36 €	Reparación desmalezadoras avanzada e lateral en agosto
3330722/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscrición a El Correo Gallego mes setembro
89.461.030.002	DTS, SA (Digital +)	26,56 €	Servizo TDT e Canal + en casa 3ª Idade mes setembro.
813/094793	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscrición a La Voz de Galicia mes agosto



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



92.746.235	Siemens Renting, S.A.	453,51 €	Renting fotocopiadora planta baixa mes setembro
F/0011/13	Versa Asesores, S.L.	1.729,13 €	Asesoramento curso atención a dependentes
V/06/13	Versa Asesores, S.L.	2.833,49 €	Material prácticas curso atención a dependentes
F/09/13	Versa Asesores, S.L.	2.350,14 €	Manuais para curso atención a dependentes
V/04/13	Versa Asesores, S.L.	2.382,73 €	Material didáctico curso atención a dependentes
04/13	Fundación Refuxio de Animais	2.831,90 €	Cota e acollemento 6 cans 2º cuadrimestre 2013
013 00635	Sapa-Contenedores e Servizos, SL	500,50 €	Servizos prestados en punto limpo mes agosto
201.349	Electricidad Cruceiro, SL	2.052,97 €	Mantemento alumado público mes agosto
4.001.174.567	S. E. Correos e Telegrafos S.A.	336,61 €	Servizo de franqueo pagado mes agosto
	Acredores diversos	36,60 €	Gastos de promoción da Volta Ciclista 2013
	González Martínez, Rocío	1.210,00 €	Impartir obradoiro de traballo corporal para a 3ª Idade de xaneiro a xuño
	Acredores diversos	73,00 €	Importe premio 1º Concurso Xardín con Encanto do Concello de Vedra (gañadora Mª Esperanza Lema Bouzas)
	Vilas Giadanes, Mª Cruz	25,55 €	Quilometraxe de agosto por tramitacións (Obradoiro Emprego e Seguridade Social)
	Rendo Rial, Pastora	70,88 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes agosto
	Graña Campelo, Pilar	55,50 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes agosto
	Orosa Carpinteiro, Cristina	93,50 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes agosto
	Iglesias Parada, Carbia	58,50 €	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes agosto

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

Así mesmo acorda rexeitar a factura que de seguido se indica, por considerar que esa reportaxe debe estar incluída dentro do convenio de publicidade:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Nº Fact	Proveedor	Importe	Descrición
P302,884	Editoral Compostela, S.A	363,00 €	Reportaxe Festa Orella 2013 en Terras de Santiago

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación definitiva do contrato de colaboración na realización dos servizos de axuda no fogar.

Por Resolución da Alcaldía de data 22 de agosto de 2013, á vista das puntuacións obtidas polos licitadores para a adxudicación do contrato de colaboración na realización dos servizos de axuda no fogar, segundo o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobadas pola Xunta de Goberno de data 2 de xullo de 2013, requiriuse á empresa Sociser Galicia, SL, a presentación da documentación para formalización do dito contrato.

Dado que o adxudicatario constituíu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación, de conformidade co establecido nos artigos 151 e 156 do RD lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE núm. 276/11, do 16 de novembro), a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Adxudicarlle á empresa SOCISER GALICIA, SL, o contrato de colaboración na realización dos servizos de axuda no fogar.

Segundo.- Dispor o gasto con cargo ás partidas 231-227 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificarlle a Sociser Galicia, SL, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Cuarto.- Publicar a adxudicación no Perfil do Contratante.

5º.- Acordo, se procede, sobre a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro da Orde do 13 de maio de 2013 pola que se regulan as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Dáse conta da conta xustificativa da subvención concedida ao Concello de Vedra por importe de 14.000 € para o proxecto denominado Funcionamento servizos municipais: brigada verde e de conservación da natureza, ao abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental en que consta que:

- Se cumpriu a finalidade da subvención.
- Os gastos totais soportados por esta entidade imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Acredor/a	Concepto	Importe	Data da emisión	Data de recoñecemento da obriga
ROGELIO LAREO MOUGAN	NOMINAS MESES 2013	5 5.453,65	31/07/13	31/07/13
PATRICIA DEBER MUIÑOS	NOMINAS MESES 2013	5 4.087,80	31/07/13	31/07/13
PATRICIA IGLESIAS ARES	NOMINAS MESES 2013	5 4.087,80	31/07/13	31/07/13
SEGURIDADE SOCIAL	COTAS SEG. SOCIAL 5 MESES	7.167,53	31/07/13	31/07/13
AEAT	RETENC. IRPF 5 MESES	1.135,20	31/07/13	31/07/13

A Xunta de Goberno acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para o proxecto Funcionamento servizos municipais: brigada verde e de conservación da natureza.

6º.- Outros asuntos

6.1.- Escrito núm. 2013000000001209 da Asociación Veciñal Virxe de Gundián

Dáse conta do citado escrito no que don Ramón G. Marque Millán, en representación da Asociación Veciñal Virxe de Gundián, no que expón que o vindeiro 15 de setembro se celebrará a 22ª Carreira Popular de Gundián 2013, polo que solicita a concesión dunha axuda económica.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos (#300,00#) euros, debendo para o cobro da mesma presentar xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.

6.2.- Escrito núm. 2013000000001130 do Club Ciclista Teo

Dáse conta do citado escrito no que a Asociación Club Ciclista de Teo, con CIF G15273758, no que expón que o día 18 de agosto se celebra o XIV Trofeo Vila de Luou 22ª, polo que solicita a concesión dunha axuda económica.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de douscentos (#200,00#) euros, debendo para o cobro da mesma presentar xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e quince minutos.